

Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a Amtega e a Universidade de Santiago de Compostela para a ampliación de contidos e a optimización e mellora da tecnoloxía do Portal Xurídico Lex.gal a través da aplicación de intelixencia dixital

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará co Parlamento de Galicia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Amtega e a Universidade de Santiago de Compostela o convenio de colaboración plurianual (2022-2025) arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Parlamento, as diferentes consellerías participantes da Xunta de Galicia, a Amtega e a USC, para a ampliación de contidos e a optimización e mellora da tecnoloxía do Portal Xurídico Lex.gal a través da aplicación de intelixencia dixital.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que as partes consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega,

Así mesmo, as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como no Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a normalización do galego co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego, coa pretensión de que, ao aumentar a presenza do galego na estrutura das relacións xurídicas e académicas, sirva de efecto multiplicador no resto da poboación xa que se trata dun sector fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe.

Que as partes asinantes coa finalidade de promover e fomentar o uso do galego en todos os ámbitos da sociedade, levarán a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos sociais compartidos, xa que, como resultado do desenvolvemento deste proxecto a sociedade galega en xeral terá acceso a un recurso telemático, denominado Portal Xurídico Galego Lex.gal, que deberá ter continuidade no tempo para dar resposta ás necesidades do conxunto da sociedade galega e, para ter actualizado o coñecemento xurídico-normativo e lingüístico .

Que a imposibilidade de promover a concorrencia pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver pola Universidade de Santiago de Compostela ao abeiro deste convenio, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de



coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela

